



## *Frouma* e o cento de nomes da acícula<sup>1</sup>

Elvira Ribeiro Tobío

*I also know the way  
the old life haunts the new*  
Mary Oliver, Dog songs

A acícula do piñeiro  
ten por volta dos cen nomes  
diferentes en galego.  
O órgano vexetativo das pináceas,  
esa liña aguzada e persistente  
que estrala baixo os pés  
nun piñeiral de agosto,  
roxé co nome de *paúlo*  
se eses pés están na Siradella  
ou alcanzaron os bancais da Subidá.  
Pero se estiveren en Dodro,  
en Bexo ou en Manselle,  
por exemplo,  
o certo é que andarían  
por riba do *picón*.  
De Bon de Abaixo  
a Bon de Arriba, o *pico*,  
iso é, terás o *pico*,  
que este verán vén bravo por Coruxo,  
pola parte de Saiáns,

<sup>1</sup> Este poema de amor á lingua, aos nomes de noso, a unha cadela... non sería nin de lonxe o mesmo sen a valiosa colaboración de Arximiro Fernández Cabanelas, Ana Acuña, Anxo Angueira, Míriam Ferradáns, Iolanda Zúñiga, Amelia Santiso Lorenzo, Míriam Paz González, Silvia Penas, Maricarmen Couso Ares, Héitor Picallo, Avelina Pérez, Josean Pazos, Xina Vega, Hadriana Ordóñez, Ana Rey Cao, María Cao Tíscar, Helena Torres, Alicia Fernández, Dores Tembrás, Antía Otero, María Rivas, María do Carme Vázquez Oubiña, Luz Pichel, Antón Lopo, Benigno Fernández Salgado, Xabier Xil Xardón, Quico Valeiras, Ana Salgado, Carlos Solla... Grazas pola xenerosidade de facerme un presente de palabras, vós que aínda gardades na memoria os nomes das cousas pequenas

tanto en Lois coma nas Cruces  
 (anota tamén Vilasobroso).  
 Mais o *pico* vólvese *pica* na vila do Baño,  
*pica pico picón*,  
 xogo infantil  
 de oclusivas xordas e aguillóns,  
*picón pico pica*,  
 aguilloada do *Pinus pinaster*  
 nos brazos e nas mans aínda sen calo.  
 Se o *pico* é vello e está no chan,  
*mulimada* por Carbia.  
 Un pouco máis cara ao oeste,  
 alguén tripa a *fruma* en Brandariz  
 alguén insiste aínda en nomeala  
 así, *fruma*, en Pedornes,  
 Punta Orelluda, monte do Corrubedo,  
 serra da Groba.  
 Dille *molime* en Condide,  
*faúsca* en Ventoxo,  
*chasca* nas Neves,  
 como unha néboa mesta, unha ave  
 bruadora na espesura.  
*Fáisca*, Arcos, Ribadumia,  
*gharuma* en Rianxo, na Picota,  
 os *coscos* do piñeiro na Seara  
 e, a escasos dous quilómetros,  
 en Xuviño, se tomas o camiño das Trubiscas,  
 escoitarás *muiña* de boca en boca.  
*Agulla* en Escairón, Bergondo, Codeseda  
 e en Alén outrosí *aghulla*, as raparigas  
 facemos cordas moi longas con elas  
 enganchando unha na outra.  
*Ghaspallada* se vas de Ghradín ata Espiñeiro,  
 e se a fortuna ou o tren  
 te atoparen en Monforte  
 talvez chegues con algo de *poma*  
 prendida na pelame.  
*Piñuca* en Cercio,  
 en Olives *piñuca*, alí onde estiña  
 a Lagoa Sacra que seca.  
*Puvela*, Ferreiravella, Riotorto  
 (poida quizais diminutivo de po?),

o poíño vexetal que vai ciscando  
o vento entre a fenteira?)

...

Mais se pisas o Acival, A Chan do Monte,  
se pasas pola Limia, polo Irixo,  
atravesas a montaña máxica do Seixo,  
terás *frouma* enriba do chan duro,  
a máis esvelta folla da boscaxe.

*Frouma*, o agudo aguillón que sen pezoña  
vai collendo a cor do vimbio vello.

A *frouma* e o amor pairan  
sobre a aldea de Pol, no Carballiño,  
o amor, o avó e mais a *frouma*  
(cunha presiña dela  
prendiamos as piñas  
pra fague-lo lume  
na cociña de ferro).

A *frouma* enzoufada de resina,  
isca do lar,  
leito do gando,  
núcleo do esterco,  
pan da terra,  
todo iso que ten traza de extinguirse,  
se non é que, xa extinto, se fixo espectro.

...

A acícula do piñeiro  
(aguzada  
conífera  
punxente)  
ten por volta dos cen nomes  
diferentes en galego  
e un, apenas un, para ti entre ese cento,  
cadela dun cento de adxectivos,

*Frouma* aguzada,  
indómita,  
fulxente,  
sabuxa,  
astuta,  
coelleira...

a metonimia dun dardo por emblema,  
cento e pico de versos para que dures.

*Frouma*, o teu nome vai da ponla do piñeiro

á túa pelica de rastrexadora intrépida.  
Nomeareite de cen formas diferentes,  
pequena *fáisca*, *gharuma*, *ghaspallada*...  
podenga ingrávida, fuxidía, *biosbarda*,  
para que a túa cor de acícula reseca  
siga atravesando os montes todos  
e o teu medo sexa coa nada todo un.